Libro d'aitas da Irmandade da Fala.

Composto de 195 folios dend. o un ó cento noventa é cinco inclusives.

IRMANDADE DA FALA
* BETANZOS *

N-a noite do trinta d'Outono do ano mil novecentos dazaoito, ficou constituida, d'un xeito difinitivo, â Irmandade da Fala de Betanzos.

Ô aito, celebrado no pirmeiro sobrado dâ casa siñalada cô número 22 dôs soportás do Campo, concurriron a maoría dôs irmáns, até ista data inscritos, desexosos de loitar, sin acougo, pol-as xustas arelas galeguistas.

Logo d'abrir ó aito ó persidente do mesmo, siñor Anxel Ramos, douse leitura ó Regramento pol-o qu'a de rexirse a mentada entidade, sendo aprobado por todol-os persentes, con fonda ledicia.

Finalmente, procedeuse â eleición d'un Consello provisional encarregado de rexir os destinos da Irmandade, até ó pirmeiro d'Abril vindeiro, data fixada pol-o Regramento, pra elexir Consellos por periodos anuás, ficando nomeado, por votación segreda, do xeito siguiente:

Conselleiro 1º Xosé Ferreira; Conselleiro 2º Anxel Ramos; segredario, Xosé Via Golpe; vice-segredario, Manoel Crestar; tesoureiro, Manoel Cousa; contador, Lois Ares; bibrotecario Xose Balió; vocales, 1º Alfredo Curiel, 2º Manoel Gómez Casal, 3º Salvador Mosteiro, 4º Agustín Novo, 5º Alfonso Rey ——
os que tomaron posesión dos seus respeitivos carregos, ó mesmo día dâ eleición, de todo ó cal, eu, coma segredario do aito, certifico=

Xosé Ares Miramontes

IRMANDADE DA FALA BETANZOS

Persidente do aito

2

Sres:
Xosé Ferreira
Manoel Lousa
Manoel Crestar
Lois Ares
Xosé Babío
Agustín Novo
Salvador Mosteiro
Alfredo Curiel
Xosé Vía Golpe=Segretario

No local fixado pra ista Irmandade, Soportás do Campo, 22, celebrouse á pirmeira xuntanza regramentaria do novo Consello, á catro de San Martiño do ano mil novecentos dazaoito.

Ca asistenza dos siñores que ó marxen se espreran, ficaron aprobados os acordos que siguen:

Solicitar do siñor Gobernador civil d'ista provincia á aprobasón do novo regramento i-autorizazón da sociedade.

Facer as xuntanzas somanáes regramentarias, da Direitiva, os lunes as oito da noite.

Communicar á "Irmandade da Fala" d'A Cruña á constitución do novo Consello Direitivo.

Telegrafiar ó Presidente do Consello de Ministros pedíndolle apoyo á autonomía de Galicia.

E solicitar do Auntamento betanceiro solicite do Goberno á Autonomía integral da nazón Galega.

Do cal, eu, coma segretario, certifico=

Xosé Ferreira — Xosé Vía Golpe

Agustín Novo — Salvador Mosteiro

IRMANDADE DA FALA * BETANZOS *

Sres:
Anxel Ramos
Manoell Lousa
Alfredo Curiel
Salvador Monteiro
Manoel Crestar
Agustín Novo
Lois Ares
Xosé Babío
Xosé Vía Golpe - Segredario

Na cibdade de Betanzos á once de Sanmartiño do mil novecentos dazaoito.

Ca asistenza dos siñores que ó marxen se espresan, lida á acta da xuntanza derradeira ficou aprobada, tomándose ademáis os acordos que siguen:

Pasar unha communicasón á Irmandade da Cruña decíndolle que asistirán representantes d'ista Irmandade, á Velada Necrolóxica que será efeuto na Cruña ó próisimo día quince en honor ó finado Nazonalista galego Siñor Lois Porteiro Garea é á Asambreia Nazonalista Galega que se celebrará en Lugo ó día dazasete próisimo.

Pedirlle á Irmandade d'A Cruña é conta dos regramentos imprentados que mandarou á ista.

É autorizar ó Segredario pra imprentar diferentes papés pra uso da sociedade: recibos é papel de cartas.

Por varios siñores da Consello pideuse pol-as contestaciós dos acordos da xuntanza derradeira, dándoselles conta das que había é ó porqué das que non se poideron levar ó cabo.

Do cal eu, coma segredario, certifico=

Xosé Vía Golpe

IRMANDADE DA FALA * BETANZOS *

Agustín Novo

Salvador Monteiro

Sres:
Xosé Ferreira
Anxel Ramos
Salvador Mosteiro
Alfredo Curiel
Agustín Novo
Lois Ares
Manoel Crestar
Manuel Lousa
Xosé Vía Golpe - segredario

Na cibdá de Betanzos ó catorce de San Martiño do mil novecentos dazaoito.

Convocados pol-o siñor Persidente celebrouse a xuntanza extraordinaria d'hoxe co ouxeto de desiñal-os siñores que han de asistir á Velada Necrolójica de Porteiro, i-a asambreia de Lugo do día dazasete.

Quedaron desiñados prá asistir á Velada Necrológica de Porteiro que será mañán ás sete da serán na Irmandade da Fala da Cruña os siñores Ferreira é Mosteiro, é pra Asambreia de Lugo os siñores Ferreira, Mosteiro, Ramos é Ares.

O siñor Persidente dou conta d'unha agarimosa carta do Persidente da "Irmandade da Fala" da Cruña communicando quedar enterado da constitución do novo Consello é dando asos pra que non se desmaie na loita pol-a causa até conquerir ó Noso Ideal.

De todo ó cal eu, coma segredario, certifico =

Xosé Ferreira — Xosé Vía Golpe

Agustín Novo — Salvador Mosteiro

IRMANDADE DA FALA * BETANZOS *

Sres:
Manoel Lousa
Xosé Babío
Lois Ares
Manoel Crestar
Agustín Novo
Xosé Vía Golpe - segredario

Na cibdá de Betanzos ó dazaoito de San Martiño do mil novecentos dazaoito.

Ca asistensa dos siñores que no marxen se eispresan, celebrouse á xuntanza ordinaria d'hoxe.

Ficou admitido coma irmán ó Siñor Eusebio Ferreiro Miraballes, despóis de cumprido ó que o noso regramento no artigo X nos di.

E non habendo outros asuntos que tratar erguense á xuntanza, do cal eu, coma segredario, certifico ——

Xosé Vía Golpe

Agustín Novo

IRMANDADE DA FALA
BETANZOS

ARQUIVO MUNICIPAL
BETANZOS

Sres:
Xosé Ferreira
Anxel Ramos
Salvador Mosteiro
Lois Ares
Xosé Babío
Manoel Crestar
Xosé Vía Golpe-Segdrio

No local destinado á Sociedade á vinteecinco de San Martiño do mil novecentos dezaoito. Ca asistenza dos siñores espresados ó marxen celebrouse á Xuntanza somanal d'oxe.

Foi admitido coma irmáu ó siñor Carlos Conceiro.

Pra fagner mais ordeadas as xuntanzas ficou acordado que:

Os siñores vocáis é demáis siñores do Consello que queiran fagner algunha proposta, farán-o por esquirto firmada ê entregárana ó Segredario antes de cada lunes pra ser incluida na orde do día das Convocatorias.

Douse conta d'haberse mandado os regramentos ó irmán da Cruña D. Xosé Casal prá entregal-os no Goberno Civil prá sua aprobación.

Douse conta tamén pol-o siñor Presidente de haberse mandado unha instancia ó Axuntamento d'ista cibdá, según ó acordo do Consello do dia catro d'iste més, solicitando que pida á Autonomía de Galicia, cuia instancia foi aprobada pol-o dito Axuntamento, acordando tamén que conste en aita á nosa solicitude integra, esquita no noso idioma galego.

Acordouse tamén á orgaizazón dunha velada gallega co ouxeto de dar á coñecel-o teatro galego é reunir fondos pra Irmandade. Desiñouse unha comisión formada pol-o siñor Presidente, como director de escena é ó irmáu siñor Xosé Ares Castro pra levar á cabo iste aito dando conta á Direitiva da xestión é orgaizazón cando ésta ó recrame.

A proposta do siñor Ramos acordouse imprentar unhas solicitudes pra ingreso d'irmáus.

O siñor Conselleiro-presidente, en nome da co-

misión que asistiu á Asambreia de Lugo, dou conta das conversiós da mesma, que serán publicadas pol-o Direitorio das Irmandades nomeado tamén en Lugo, entre as que figuran á de celebrar festa Nazonal Galega ó dia dazasete de Sanmartiño, data en que se fixo á primeira Xuntanza de os galeguistas todos da Pátrea.

Do cal, eu, coma segredario, certifico=

Xosé Ferreira — Xosé Vía Golpe

Salvador Monteiro

IRMANDADE DA FALA × BETANZOS ×

Siñores:
Xosé Ferreira
Lois Ares
Xosé Babío
Manoel Crestar
Agustín Novo
Manoel Lousa
Xosé Vía Golpe - segredario

Na cibdá de Betanzos á dous de Nadal do ano de mil novecentos dazaoito.

Ca asistenza dos siñores que se espresan no marxen, celebrouse á Xuntanza d'hoxe ficando aprobados os acordos que siguen:

Admitir coma irmán ó siñor Xosé Crestar Días.

Dar de baixa coma irmán ó siñor Farruco Lizaniturri, por faltas ó noso ideal.

E desiñar tódol-os que até oxe están inscritos no cadro de decramasón, pra que co siñores desiñados na Xuntanza derradeira organicen unha velada.

Do cal eu, coma segredario, certifico.

Xosé Ferreira — Agustín Novo — Xosé Vía Golpe

IRMANDADE DA FALA × BETANZOS ×